

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL POIO

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE COMBARRO NO CONCELLO DE POIO, CON FINANCIAMENTO DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021 DENTRO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL. ANUALIDADE 2018. (FASE 9ª DA ARI DE COMBARRO 4ª convocatoria).

BDNS(IDENTIF.):

Primeiro. Beneficiarios:

Os propietarios únicos de edificios de vivendas, os propietarios de vivendas, as comunidades de propietarios de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal, as agrupacións de comunidades de propietarios, os entes asociativos de xestión e as persoas físicas ou xurídicas que posúan un dereito real sobre o inmovible que lles permita acometer as actuacións de rehabilitación, ou os inquilinos autorizados polo propietario.

Segundo. Obxecto:

Cubrir parte dos gastos da execución das obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de os adecuar á normativa vixente e sempre dentro do ámbito da área de rehabilitación de Combarro no Concello de Poio.

Terceiro. Bases reguladoras:

As bases reguladoras están publicadas no BOP de Pontevedra nº 245, de 26 de decembro de 2022, e na páxina web e portal de transparencia do Concello de Poio (<https://www.concellopoio.gal/>).

Cuarto. Contía:

A contía máxima das axudas determinarase atendendo ao orzamento protexible da actuación e non poderá exceder do 50% do custo subvencionable da actuación ata un máximo **25.000** euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación. Nas vivendas nas que os ingresos da unidade de convivencia residente sexan inferiores a 3 veces o IPREM a porcentaxe máxima da axuda sobre o investimento poderá chegar ao 85%. Para obras de mellora da accesibilidade en vivendas con residentes discapacitados ou maiores de 65 anos, será posible acadar unha axuda do 85% do custo da actuación.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

Dous meses desde o día seguinte á publicación do presente extracto no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS.

Poio na data da sinatura dixital
Alcalde-Presidente do Concello de Poio

Ángel Moldes Martínez

